



## Publicacións

### *Catauro de seres míticos y legendarios de Cuba*

Título: Catauro de seres míticos y legendarios de Cuba

Editorial: Centro de Investigación y Desarrollo de la Cultura Cubana Juan Marinello.

Ano de publicación: 2005.

Lugar de publicación: La Habana, Cuba.

ISBN: 959-242-107-2

Autores: Manuel RIVERO GLEAN / Gerardo CHÁVEZ SPÍNOLA.

Descripción: 569 páx.

Neste dicionario comentado de mitoloxía cubana descríbense seres antropomorfos, zoomorfos e fitomorfos, que peretencen á cosmovisión do cubano; denominacións do saber paremiolóxico, aparicións fantásticas, criaturas sagradas, lendarias ou mitolóxicas e personaxes históricos que se convertiron en lendas, propios da prehistoria antillana e do acontecer histórico e cultural dos poboadores do arquipélago cubano. Criaturas todas que reflicten fabulacións e mitoloxemas de culturas, etnias e pobos que desembarcaron no territorio nacional cubano.

Entre estas criaturas hai abondosas referencias a seres míticos comúns aos galegos (basilisco, cocos, gambusinos, bruxas, ánimas, santos, santas...) ou a personaxes de orixe galega que forman parte do lendario cubano como é o caso de José María López Lledín, natural de Negueira de Muñiz e trasmudado en o Cabaleiro de París.



## COMENTARIOS ENVIADOS

Magnífica web. Sinceramente le felicito.

Espero para los primeros meses del 2009 estrenar una web para nuestro Catauro de seres míticos y legendarios en Cuba. Sería muy bueno contar con intercambio de enlaces y banners entre estos dos sitios.

Suyo siempre  
seguimos  
Gerardo Chávez Spínola

Enviado por Gerardo Chávez Spínola o 29/12/2008 ás 21:14:51

Muchas gracias por presentar una reseña de mi libro en su página web.

Saludos:

Enviado por Manuel Rivero Glean o 18/03/2008 ás 22:23:58